

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 6 DE XULLO DE 2015

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 6 de xullo de 2015.

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 21:30 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez e D. Héitor Mera Herbello.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

OBRAS E SERVIZOS

1º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN COA INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS DA VÍA PÚBLICA (DOMINIO PÚBLICO LOCAL)

1.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO DE CANGAS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. C. M. (TABERNA "O ARCO"), para a ocupación de 24,00 m2., con mesas e cadeiras en Praza do Arco, nº 8-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, diante do local sito no referido lugar.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR R. I. O., en representación de "PITZALIS, C.B" (CAFETERÍA-BAR "PITZALIS"), para a ocupación de 8,00 m2., con mesas e cadeiras en Rúa Garely, nº 21-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, diante do local sito no referido lugar, coa advertencia de non instalar máis de dúas mesas e debendo deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M. P. R. R. (BAR "LOS TONELES"), para a ocupación de 24,00 m2., con mesas e cadeiras en Rúa Pablo Iglesias, nº 12-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, diante do local sito no referido lugar, debendo deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes.

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR L. V. C., en representación de "A FALA DE COIRO, S.L.L.", para a ocupación de 32,00 m2., con mesas e cadeiras en Rúa Benigno Soage, nº 3-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, diante do local sito no referido lugar, debendo deixar libre o paso de peóns.

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR C. P. S. (BAR "LÚPULO"), para a ocupación de 12,00 m2., con mesas e cadeiras en Rúa Santa Baia, nº 8-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, diante do local sito no referido lugar, debendo deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes.

6.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. A. R. C. (CAFÉ-ZUMERÍA "ARGOLIDE"), para a ocupación de 16,00 m2., con mesas e cadeiras en Rúa Pablo Iglesias, nº 12-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, diante do local sito no referido lugar, debendo deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes.

7.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M. A. P. V. (CAFÉ "VALLADARES"), para a ocupación de 12,00 m2., con mesas e cadeiras en Rúa San Cibrán, nº 14-Aldán, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, diante do local sito no referido lugar, debendo deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes.

8.- SOLICITUDE PRESENTADA POR P. S. S. (CAFETERÍA "PERLA NEGRA"), para a ocupación de 56,00 m2., con mesas e cadeiras na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 33-Cangas, enfronte do local sito no referido lugar, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

9.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. C. M., en representación de "SOCIEDAD CAFETERA DEL MORRAZO, S.L." (CAFETERÍA "O TOSTADEIRO"), para a ocupación de 20,00 m2., cunha tarima desmontable con mesas e cadeiras enfronte do local na Avda.

de Lugo, nº 24-Coiro, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, enfronte do local sito no referido lugar.

10º.- SOLICITUDE PRESENTADA POR A. L. P. (BAR "KACTUS"), para a ocupación de 12,00 m²., con mesas e cadeiras na Avda. Montero Ríos, nº 7-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, diante do local sito no referido lugar.

11º.- SOLICITUDE PRESENTADA POR L. G. C., en representación de "CASA MACILLOS, S.L." (BAR "MACILLOS"), para a ocupación de 9,35 m²., con mesas e cadeiras ao lado da fachada do local sito en rúa Saralegui, nº 24-Cangas, desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro do ano que andamos.

12º.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. L. F. A. (CAFETERÍA "ANAMAR"), para a ocupación de 16,00 m²., con mesas e cadeiras na Avda. de Bueu, nº 16-baixo-Cangas, desde o 1 de maio ao 31 de outubro do ano que andamos.

13.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. N. B. (BAR "UN PUNTO DE SAL"), para a ocupación de 28,00 m²., con mesas e cadeiras na Avda. Castelao, nº 2-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, diante e enfronte do local sito no referido lugar, debendo respectar o paso de peóns, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes.

14º.- SOLICITUDE PRESENTADA POR P. M. F. (HAMBURGUESERÍA "OBELIX BURGER"), para a ocupación de 16,00 m²., con mesas e cadeiras diante do local sito en rúa Redondela, nº 8-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, debendo respectar o paso de peóns, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes.

15º.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. M. R. G., en representación de "HERMANOS REY GRAÑA, C.B." (CAFÉ-BAR "LA MARINA"), para a ocupación de 60,00 m²., con mesas e cadeiras ao lado da fachada do local sito en Praza do Eirado do Señal, nº 3-Cangas, desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro do ano que andamos, debendo deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes.

16.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. A. L. P. ("TABERNA DOS CHATA") para a ocupación de 23,00 m²., cunha tarima desmontable con mesas e cadeiras enfronte do local sito en Rúa Saralegui, nº 28-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

17.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. A. C. A. (CAFÉ-BAR "BONIN"), para a ocupación de 60,00 m²., con mesas e cadeiras na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 33-Cangas, enfronte do local sito no referido lugar, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, así como, a ocupación de 28,00 m²., no referido lugar, desde o 1 de

outubro ao 31 de decembro do ano que andamos, debendo deixar libre o paso de peóns de acceso á Avda. Castelao.

18.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. P. F. (CAFÉTERÍA-HOTEL "JUCAMAR"), para a ocupación de 24,00 m²., con mesas e cadeiras na Avda. de Marín, nº 5-Cangas,, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, debendo respectar o paso de peóns, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes.

19.- SOLICITUDE PRESENTADA POR E. E. G., en representación de "MATE, C.B." (CASA PORRÓN), para a ocupación de 56,00 m²., con mesas e cadeiras na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 15-Cangas, enfrente do local sito no referido lugar, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

20.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M. P. S. (CAFÉ-BAR "AMILADITO"), para a ocupación de 40,00 m²., con mesas e cadeiras na Avda. Eugenio Sequeiros-Cangas, enfrente do local sito no referido lugar, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

21.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. C. G., en representación de "SUCAR, C.B." (BAR "O BATEL"), para a ocupación de 16,00 m²., con mesas e cadeiras en Rúa Real, nº 12-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

22.- SOLICITUDE DE J. F. V. (BAR "O CAIXÓN DE QUINI"), para a ocupación de 13,65 m²., con unha tarima desmontable con mesas e cadeiras en Praza do Eirado do Costal, nº 15-baixo-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

23.- SOLICITUDE PRESENTADA POR G. P. C., en representación de "GEMA PORTELA, S.L." (CAFETERÍA "BOCADOS") para a ocupación con mesas e cadeiras de 48,00 m²., na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 4-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

24.- SOLICITUDE PRESENTADA POR P. B. M. (BAR "LA VERGA"), para a ocupación con mesas e cadeiras de 40,00 m²., na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 17-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

25.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. R. O. O. (BAR ALONDRAS), para a ocupación con mesas e cadeiras de 12.00 m²., diante do seu local na Rúa Montero Ríos nº 8 - Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos

CONDICIÓN

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez

destinarse a ocupación delas con productos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2015, agás o indicado no acordo.

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostelería que linde co espacio exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de rebogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

L) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

M) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha xoa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarse expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

1.B) SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS PARA A OBTENCIÓN DE LICENZA DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS

Visto que ao día de hoxe hai establecementos hosteleiros que non achegaron a totalidade da documentación que se esixe no artigo 4 da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas na vía pública do Concello de Cangas, para obter a correspondente licenza de ocupación da vía pública con mesas e cadeiras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda outorgar un prazo improrrogable de DEZ DÍAS, do cal se fará o correspondente control no departamento de Xestión de Ingresos, para a entrega da documentación requirida seguinte **(en caso contrario procederase ao levantamento da ocupación de vía pública por non ter obtido a correspondente autorización municipal):**

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR D. N. P. (CAFETERÍA "EL PASEO") para a ocupación de 40,00 m²., con mesas e cadeiras na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 23-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos. (FALTA INFORME DO ORAL E LICENZA DE APERTURA)

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR B. A. C., en representación de "HOSTELERÍA VIZZIO, S.L." (HAMBUERGUESERÍA "VIZZIO")) para a instalación de cartel na Avda. de Marín, nº 13-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos. (FALTA INFORME DO ORAL E LICENZA DE APERTURA)

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR P. A. C. G. (TAPERÍA "ARUBA") para a instalación de mesas e cadeiras en Rúa Saralegui, nº 14-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de

setembro do ano que andamos. (FALTA DESEÑO DE SUPERFICIE CON MESAS A OCUPAR, INFORME DO ORAL E LICENZA DE APERTURA)

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR G. L. A. B. (CAFETERÍA "CANGAÇEIRO"), para a ocupación de 16,00 m²., con mesas e cadeiras na Avda. Castelao, nº 13-Cangas, á beira do establecemento, durante o período que vai do 1 de xaneiro ao 31 de outubro do ano que andamos e, así mesmo, a ocupación de 24,00 m²., enfronte do local sito no referido lugar, desde o 1 de xuño ata o 31 de outubro do ano que andamos, debendo respectar o paso de peóns. (FALTA INFORME DO ORAL E LICENZA DE APERTURA)

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M. LL. R, en representación de "CONSERVAS ARTEMAR, S.L." (BAR "CONSERVAS ARTEMAR"), para a ocupación de 28,00 m²., con mesas e cadeiras ao lado da fachada do local sito en Praza do Eirado do Señal, nº 4-Cangas, desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro do ano que andamos, debendo deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes. (FALTA LICENZA DE APERTURA)

6.- SOLICITUDE PRESENTADA POR R. P. E. (RESTAURANTE "O BRUÑO") para a ocupación de 24,00 m²., cunha tarima desmontable con mesas e cadeiras enfronte do local sito en Rúa Celso Emilio Ferreiro, nº 10-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos. (FALTA INFORME DO ORAL)

7.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. O. F. (BAR "ESCORADO") para a ocupación de 12,00 m²., con mesas e cadeiras enfronte do local sito na Avda. Ozámiz, nº 15-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos. (FALTA INFORME DO ORAL E LICENZA DE APERTURA)

8.- SOLICITUDE PRESENTADA POR V. E. I. G. (TAPERÍA "MARTINNUS"), para a ocupación de vía pública, con mesas e cadeiras na Avda. Vincenti, nº 6-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, á beira do local sito no referido lugar, debendo instalar soamente unha soa fileira de mesas, e condicionado a respectar o paso de peóns, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes. (FALTA LICENZA DE APERTURA)

9.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M^a G. M. U. (BAR "A MEIGA") para a ocupación de 8,00 m²., con mesas e cadeiras enfronte do local sito na Avda. Ozámiz, nº 14-Cangas, e a instalación de 20,00 m²., con mesas e cadeiras no Paseo de Rodeira (soamente na parte esquerda sinalada no deseño achegado) desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos. (FALTA INFORME DO ORAL)

10º.- SOLICITUDE PRESENTADA POR A. D. M. C. (BAR "ALIÑO"), para a ocupación de 24,00 m²., con mesas e cadeiras en Travesía San Francisco, nº 6-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, ao lado do local sito no referido lugar, debendo instalar soamente unha soa fileira de mesas, e condicionado a respectar o

paso de peóns, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes. (FALTA LICENZA DE APERTURA)

11º.- SOLICITUDE PRESENTADA POR D. A. M. (TAPERÍA "O PELAO") para a ocupación de 4,00 m2., con dous barrís á beira do local sito en Rúa Sol, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, condicionado a respectar o paso de peóns, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes. (FALTA INFORME DO ORAL E LICENZA DE APERTURA)

12º.- SOLICITUDE PRESENTADA POR C. L. G. D. (CAFETERÍA "BULE BULE") para a ocupación de 16,00 m2., con mesas e cadeiras ao lado do local sito en Aldea de Arriba, nº 8-Coiro, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos. (FALTA INFORME DO ORAL E LICENZA DE APERTURA)

13º.- SOLICITUDE PRESENTADA POR A. C. M. ("GOLUTS") para a ocupación de 10,00 m2., con expositores enfronte do local sito na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 26-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos. (FALTA DESEÑO DE OCUPACIÓN, INFORME DO ORAL E LICENZA DE APERTURA)

14º.- SOLICITUDE PRESENTADA POR F. A., ("LA VIE EN ROSE") para a ocupación de 36,84 m2., con mesas e cadeiras na Avda. Eugenio Sequeiros-Cangas e 8 m na rúa Retrama, diante do seu local, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, condicionado a respectar o paso de peóns, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes (FALTA LICENZA DE APERTURA)

Así mesmo denégase a solicitude presentada para a Rúa Nova, ao non cumprir a Ordenanza Municipal o ancho da rúa que é inferior a 3,10 m.

15º.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. M. M. G., (BAR "EL PADRINO") para a ocupación de 32,00 m2., con mesas e cadeiras na fachada posterior do seu local na Praza das Pontes-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos. (FALTA LICENZA DE APERTURA)

16º.- SOLICITUDE PRESENTADA POR A. G. M., (RESTAURANTE "TIA BRIGIDA") para a ocupación de 12,60 m2., con mesas e cadeiras diante do seu local na Rúa do Arco-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, condicionado a respectar o paso de peóns, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes (FALTA INFORME DO ORAL)

17º.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M. P. N., (CAFE BAR "LICENCIA 45") para a ocupación de 8,00 m2., con mesas e cadeiras pegadas á fachada do seu local na Rúa Montero Ríos nº 11-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, condicionado a respectar o paso de peóns, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes. (FALTA LICENZA DE APERTURA)

1.C) DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS NA DE VÍA PÚBLICA

1.C.1) SOLICITUDE DE P. J. A. G.

Vista a solicitude presentada o día 19.6.15 por P. J. A. G., na que reclama autorización municipal para a ocupación de vía pública coa instalación de mesas e cadeiras, diante do local que rexenta sito en Rúa Gondomar, nº 10-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Denegar a solicitude de P. J. A. G., dado que non se trata dun establecemento de hostalaría, de conformidade coa definición establecida no artigo 75 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.

1.C.2) SOLICITUDE DE S. P. D.

Vista a solicitude presentada o día 18.6.15 por S. P. D., na que reclama autorización municipal para a ocupación de vía pública coa instalación de mesas e cadeiras, no xardín municipal da fachada posterior do local que rexenta sito en Rúa Real, nº 58-Cangas.

Visto que o artigo 12 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012) literalmente dí:

"A autoridade municipal competente denegará a autorización destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

- Cando se instalen en xardíns públicos ou comunitarios."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Denegar a solicitude de S. P. D., con base no disposto no artigo 12 da Ordenanza municipal reguladora da instalación das terrazas na vía pública, por estar situada a instalación de mesas e cadeiras solicitada nun xardín público.

URBANISMO E PATRIMONIO

2º.- INFORMES PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DO DÍA 2 DE XULLO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUENTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.350.- A O. F. J. e R. F. P., para nas Xielas-Coiro, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 40,30 m²., de semisoto, 75,20 m²., de planta baixa, 98,50 m²., de primeiro andar, 15,10 m²., de porche, 38,00 m²., de garaxe e 16,80 metros de cerramento, de conformidade co proxecto básico do arquitecto Cristóbal Juncal Ríos, de decembro de 2014, ás condicións imposta pola Deputación Provincial en escrito do día 16 de abril de 2015, a que antes do comezo das obras presente o a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada o día 11 de xuño de 2015.

2.A.2) DENEGACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 25.429.- O tramitado a instancia de A. M. H., para rehabilitación e ampliación de vivenda en Piñeiro Aldán, denégase porque a edificación en cuestión está en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade co planeamento vixente (por non cumprir coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto en relación con aliñacións do sistema viario) e non seren compatibles co establecido no art. 103.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.408.- O tramitado a instancia de FRANCE TELECOM ESPAÑA, S.A.U., para estación base de equipos de telecomunicación en Monte Castro-Nerga, acórdase denegalo porque as obras propostas se emprazan nunha área de protección integral do xacemento arqueolóxico Monte Castro, con referencia GA 36008023.

EXPEDIENTE Nº 24.913.- O tramitado a instancia de M. C. G. L., para legalización de galpón en Gandón-Aldán, denégase por ser incompatible coas determinacións establecidas ao respecto pola ordenanza de aplicación SNUN, das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas.

2.A.3) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 27/2015.- En relación coa solicitude de autorización previa para instalación de un depósito crioxénico, promovido por PISCÍCOLA DEL MORRAZO, S.A., a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o expediente de autorización autonómica PISCÍCOLA DEL MORRAZO, S.A., no senso de tramitar, en solo rústico de protección de costas e espazos naturais, autorización autonómica para instalación de un depósito crioxénico en piscifactoría sita en Nerga-O Hío, de conformidade co proxecto do enxeñeiro, David Rodríguez Besada, do 25 de marzo de 2015, o uso é autorizable pola Comunidade Autónoma.

2.A.4) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 21.133.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR H. D. B. C., EN REPRESENTACIÓN DA MERCANTIL, CENTRAL DE MASEIRIÑOS, S.L.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, o día 8 de abril de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a H. D. B. C., en representación da mercantil CENTRAL DE MASEIRIÑOS, S.L., para vivenda, sita en Menduíña-Aldán, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 22.290.

EXPEDIENTE Nº 23.355.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR A. V. C.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, o día 27 de maio de 2015, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a A. V. C., para vivenda, sita en Costeira-Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal nº 22.661.

EXPEDIENTE Nº 24.156.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR E. A. R. E L. Q. L.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, o día 9 de xuño de 2015, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a E. A. R. e L. Q. L., para vivenda sita na Serra de Poente-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 23.166.

b) Asimesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

2.A.5) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.864 e 1.699.- A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a renuncia ás licenzas de obras de acondicionamento e apertura de establecemento en Vilariño, nº 66-O Hío, peticiónada por I. V. M.

EXPEDIENTE Nº 23.958.- O tramitado a instancia de MARÍTIMO RODEIRA, S.L., para cambio de situación de hórreo na Madalena-Darbo, acórdase declaralo caducado por carecer da correspondente autorización da Delegación Territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.179.- O tramitado a instancia de B. R. G., con enderezo en Espiñeira Centro, nº 17-Aldán, para limpar a fachada da vivenda no referido lugar, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación do día 11 de setembro de 2014.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

